



Resolución de concesión dos V Premios de Innovación en Saúde no Sistema Público de Saúde de Galicia 2025 (procedemento SA304A)

Segundo o establecido no artigo 12 das bases reguladoras da convocatoria da V edición dos Premios de innovación en saúde no Sistema público de saúde de Galicia 2025, publicadas pola Resolución do 8 de xaneiro de 2025 da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (DOG num. 4 do 19 de febreiro de 2025), unha vez revisadas as candidaturas, un comité de selección constituído polo titular da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria e un representante de cada un dos sete nodos de innovación que forman parte da Plataforma de innovación Sanitaria, seleccionará as candidaturas finalistas para cada modalidade de premio para a súa valoración polo Xurado.

Efectuada dita selección, o Xurado reuniuse conforme ao disposto no artigo 11 das bases reguladoras. Tras valorar a información recibida dos proxectos finalistas, de acordo cos criterios establecidos no artigo 10 da citada convocatoria, propoñen a concesión dos premios a dúas candidaturas en cada unha das modalidades (idea de pacientes e idea de profesionais), en calidade de primeiro e segundo premio, tal como se recolle no artigo 20 das bases reguladoras.

Segundo o artigo 13 da convocatoria, e á vista da proposta do xurado, DECLARO gañadores dos V Premios de Innovación en Saúde as seguintes candidaturas:

| MODALIDADE | PREMIO | NOME DA IDEA | AUTOR/AUTORES |
|--------------|--------|--|---|
| PACIENTES | 1º | Mellora da transición cara a fase post-hospitalaria das familias con dano cerebral | Asoc. Dano cerebral adquirido Ourense - RENACER |
| | 2º | The Mind Guardian. App para o cribado de sinais de risco do Deterioro Cognitivo | Asoc. De familiares de enfermos de Alzhéimer e outras demencias de Galicia – AFAGA |
| PROFESIONAIS | 1º | Implantación dos protocolos de Xestión Enfermeira da Demanda (XED) | Juan José Augusto Sánchez Castro María Carmen Bermúdez Virgos María Teresa Matalobos Luís Sindia Fuentes Silva |
| | 2º | Activa a túa saúde | María Jesús Martínez Martínez Margarita Priego Sobral Noa Siñuela González |

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2025

O Presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

Antonio Gómez Caamaño

